

Relatos Breves

Pablo Vaamonde García

Médico de familia e escritor. Exdirector xeral da División de Asistencia Sanitaria

Cad Aten Primaria
Año 2006
Volumen 13
Pág. 226-228

LUZ DIVINA E OUTROS RETRATOS, editado por Espiral Maior, é o último libro publicado por Pablo Vaamonde. No volume recóllense trinta e un relatos breves que reflicten certos aspectos da realidade galega actual encarnados en persoaxes roubados da mesma vida cotiá. Nun número anterior de Cadernos foron publicados os tres primeiros relatos deste libro. A continuación reproducimos outros tres relatos breves que teñen unha relación directa con problemas de saúde e mesmo co exercicio da profesión médica.

"Un home na fiestra", que ten certa semellanza na situación plantexada coa película de Hitchcock "A xanela indiscreta" (como ben sinala Xulio Valcárcel no seu prólogo), amosa en forma de monólogo a monotonía da vida dun broncópata que deixa pasar os seus días a carón da fiestra, ollando as miserias da vida exterior, lembrando o pasado inmediato e coa agarda constante das visitas do neto, que lle dan luz ós seus días.

"O fillo enfermo" tenta reproducir a anguria pola doenza dun fillo, a busca de remedios de xeito desesperado, e o descreimento que se produce no protagonista cando a intercesión solicitado do santo non surte o efecto desexado.

"O colega" amosa unha situación que probablemente coñecerán moitos médicos de familia. Tamén en forma de monólogo retrata o momento en que un paciente heroinómano tenta conseguir certos fármacos do médico buscando inicialmente a súa complicidade e pasando logo á intimidación e mesmo á ameaza.

UN HOME NA FIESTRA

Hoxe estou mellor. Desde a semana pasada estiven sen quitar o osíxeno e poñendo inxeccións todos os días. Pensei que marchaba. Pero agora xa podo alentar. Esta vida é unha merda. Pero xa estou afeito. Máis me vale. Xa van alá seis anos. Seis anos sentado nesta butaca a carón da fiestra. Cantas cousas vin pasar por diante. Daquela todo aquí era campo. Había un transformador da luz e catro chabolas. Nunha que tiña a porta verde facían argalladas. A cal-

quera hora do día e da noite chegaban os rapaces nas súas motos. Algúns picábanse aquí mesmo, na beirarrúa, debaixo da miña fiestra. Púñanse a fumar e a discutir a berros na rúa, había pelexas. Algunhas veces quitaban as navallas. A policía deixábase ver de cando en vez. Para nada servía. De velos todos os días eu xa os coñecía a todos. Eles non reparaban en min. Andaban ao seu. Importáballes pouco que eu estivera a ollar desde a fiestra. Desaparecían uns e viñan outros. Algúns daban pena: estragados, perdidos, máis desfeitos ca min, e iso que lles levo moitos anos. Do barrio había uns poucos. Non sei se as súas familias saberían en que andaban. Así pasaron catro anos. Pola fiestra ollaba o mundo da droga, a miseria destes rapaces. Na televisión vexo os partidos do fútbol. Algunhas das alegrías máis grandes destes anos deumas o Dépor. Ai, se eu nacera uns anos máis tarde. Podería estar hoxe xogando en Riazor. Tiña máis clase que Fran e o seu irmán xuntos. Pero eran outros tempos, e aos xogadores pagábanos con catro patacóns. Quen me podía dicir daquela que fa rematar así os meus días: sentado nunha butaca sen me poder erguer. Xa ves. No principio pensei que era mellor morrer. Pero está visto que a todo se afai un. Hai veces que desesperas. Normal. Tes días de comezar a tusir e a tusir e semella que che saen as alegrías pola boca. E nada. Quedas rebentado do peito. Outras veces dáche a impresión de que o aire é espeso coma o chumbo. Tiras e tiras e non chega nada ao fondo dos pulmóns. Teñen que estar podres por dentro. Ben, a culpa é miña. Xa mo dixeron os médicos. Emilio, isto é do tabaco. Á merda co tabaco, agora bótanlle a culpa de todo. Quen sabe. Sonche cousas do destino. Meu avó fumou toda a vida e morreu con noventa anos san coma un buxo. E eu, aquí me tes, feito un espantallo. Bo é que teño a fiestra, e a televisión e a radio. Se non, non sei que sería de min. Había estar en *San Amaro*, de certo. Se non fose pola fiestra, pegábame un tiro no ceo da boca. Estes días de brétema son os máis cabróns. O aire é máis espeso e non dá entrada. Pero hoxe xa estou un pouco mellor. Cando estou ben desfruto máis da fiestra. Hai un ano chegaron as escavadoras. En quince días arrasaron con todo. Empezaron a levantar edificios. Agora xa non controlo aos rapaces da droga. Andarán por outros lados, empu-

rrados polo mono, buscando a droga que lles quita o malestar, que os leva á morte. Agora vivíxo aos obreiros. Controlo o seu traballo desde que chegan ata que marchan. Nestas últimas semanas andan con présas: traballan ata de noite. Van facer uns comercios aló embaixo e queren inaugurar de aquí a pouco. Eu non o verei. Dáme igual. Non me tiran esas cousas. Pero vou ver pasar a xente por diante da miña fiestra. Ao outro lado da rúa van poñer un xardín con randedeiras e tobogáns. Poderei ver o meu netiño nos seus xogos. A ver se os pulmóns non me xogan unha mala pasada. Aí vén agora correndo o galopín a me amosar as lambetadas que lle comprou súa avoa.

O FILLO ENFERMO

Hai dous días estiven co señor Antón. Está algo duro de oído e temos que falar a berros para entendernos. Hai vinte anos que anda cunha prótese na perna esquerda, enganchada á altura do xeonllo. Sempre se queixa das súas dores. Ás veces, o que máis lle doe é o membro ausente. Pero conta os seus males sen perder o humor. Sabe que contra dos anos pouco se pode facer. Laméntase da súa mala memoria, pero garda moitas lembranzas que contar. Do que máis se recorda é dos tempos pasados. Estoutro día díxome, cunha certa retranca: "Aínda hei ter que ofrecermos a algún santo. Se non, non vai haber quen me cure". Eu seguinlle a corrente: "Pois se cadra... Xa sabe que a medicina non ten remedios para todo". Sorriu, retranqueiro, e púxose a contar unha historia:

"Cando eu era rapaz había na miña aldea un home moi pobre, pouco máis tiña que a súa besta. O seu fillo pequeno púxose moi enfermo, non comía, empezou a perder peso e quedou case esquelético. Daquela o pai ofreceulle a besta ao San Mateo, un santo que hai aló pola parte de Ordes, que seica axuda nos casos de enfermidade das persoas. Entregaríalle a besta ao santo se lle sandaba o fillo. Ese era o trato.

Pasaron os días e as cousas seguían coma sempre. O rapaz seguía entangariñado, non había cousa que lle parase no corpo, e colleu unha cor de palla que non facía presaxiar nada bo para o neno. Dábanlle do mellor, coidábano con todo cariño, a nai non sabía que lle facer por velo progresar. Rezaba todas as noites e choraba ás agachadas. O pequeno habituouse de tal xeito á doenza que xa nin se queixaba. É ben certo que os homes nos amoldamos a case todo, mesmo ao sufrimento. Aquel neno non daba chío, parecía un santiño, tan pálido e tan calado.

Pero na véspera de San Mateo o rapaz pareceu recuperar a vida. Viñéronlle as cores á cara, empezou a comer como nunca fixera, e ata recuperou o riso. Aquilo parecía un milagre e así o interpretou o pai. Sen agardar máis, foi polas portas, empeñou algunhas leiras e xuntou catrocentos pesos, máis ou menos o que pensou que podía valer a besta. Ben cediño pola mañá, aínda non nacera o día, colleu o animal pola corda e aló se encamiñou á festa do Santo.

Despois da misa grande celebrouse a poxa no adro da igrexa. Houbo un de Vilasantar que se encaprichou da egua. O prezo púxose en catrocentos cincuenta pesos. O pobre home non puido seguir a poxa e volveu para a casa, xa de noite, triste, porque sentía a perda do animal. O camiño de volta fíxose longo, varias horas polo monte, as xestas abaneando á beira do camiño. Levaba no peito unha amargura que o atenazaba e non se lle quitaban da cabeza os malos agoiros.

A lúa estaba en cuarto crecente, a escasa luz filtrábase a través das follas dos carballos. Pasou medo. Moitas veces tiña escoitado historias de lobos que chegaban ata ben preto das casas. Cando foi chegando ás agras viu aló ao lonxe unha luz. Sentiu que se lle puñan de punta todos os pelos do corpo. Daquela aínda se falaba da estadea e de cousas de aparecidos. Foise achegando, cada vez máis posuído polo pánico. Cando estaba preto da aldea viu que a luz saía da súa casa. Toda a parroquia estaba no velorio do seu fillo".

O señor Antón calou. Quedou ollando para min, e dixo: "Xa ves a fe que lle poden ter eu aos santos. Aquel neno era meu irmán".

O COLEGA

Vouno deixar. Eu controlo a situación, non hai problema. Estou limpo, nin anticorpos nin hepatite nin nada, colega. Hai tipos que non se coidan unha merda e que se meten calquera cousa. Non controlan. Cada seis meses eu fago análises para ver como ando por dentro. Dabuten, chaval, dabuten. Non hai problema. Hai moito colgado, pero eu controlo a situación. Cando queira deixo este tema e xa está. Ti por iso non te preocupes. Hai un ano que non me pincho. Mira os brazos. Nada. Nin un pico. Agora fumo chinos. Non poñen igual pero non corres perigo. Hai que colocarse un pouco. Esta vida é unha porcaría, meu. Faime caso. Eu fumo un chino pola mañá e outro á noite. Coma se nada, tío. Que eu controlo e se me dá a gana mañá mesmo o deixo, que xa estiven o ano pasado varios meses sen poñerme, e pasei o mono eu só na casa. A peito. Estiven unha temporada que só tomaba tranxilium e rohipnol. E canutos, claro. Un canutiño de vez en cando está moi ben. Déixache ben o corpo, axúdache a relaxarte. Que hai moito cabrón solto, dígocho eu. A ver se me entendes, que eu disto sei un pouco. Agora hai chavales que empezan e non saben nada de nada. Non saben da merenda a metade. Métense calquera cousa. Agora están todos dándolle duro aos chinos. No piso de abaixo da miña casa véndese de todo. Consígoche o que queiras agora mesmo. O que máis anda son os chinos, e a coca. A xente colócase cantidade. Hai tipos que teñen o tabique furado de tanto darlle á coca. Eu meto unha raia de vez en cando. De vender nada, eh, eu non ando niso. Ás veces pásolle algo a un amigo. Iso é todo. Non pasa nada, tío. A situación está controlada. Cando me dea a gana deixo todo e xa está. Pero non quero a metadona. Nin de coña. Eu non tomo esa merda. Nin penso ir ao Centro de Drogas. Por esas non paso. Eu o que necesito agora é algo para durmir. Levo uns días que non dou pillado o sono. Ninpadios. Volta e volta e nada, e súdo e póñoome mal. Só consigo durmir pola mañá. Paso toda a noite na

televisión. Tomo uns gúisquiños e algún canuto pero o sono non me vén. Eu sei que ti es un tío legal. Así é que tes que portarte comigo, colega. Só preciso unhas pastillas de rohipnol para poder durmir. Se consigo durmir todo vai ben, e cando me dea a gana deixo todo isto e listo. É que se non durmo de noite vou faltar ao traballo e non están as cousas para coñas. Ti xa me entendes. Un chino pola mañá e o rohipnol pola noite e tira millas. Non hai problema. Eu o que quero é tirar adiante sen facer unha burrada. A ver se nos aclaramos. Tes que botarme unha man, meu. O da droga está controlado, o asunto é o sono. Non hai maneira de durmir e así non hai quen poida. Ando cos nervios atacados. Calquera día fago unha gorda. E non quería. Teño que tirar que as cousas non están para coñas. Así que tes que portarte, tío. Un par de caixiñas de rohipnol e deixo de darche o coñazo. Que dentro dun mes eu mando todo isto ao cara-

llo. Pero agora estou pasando un mal momento e teño que conseguir durmir como sexa só un par de horas. Se non, pode pasar calquera cousa, tío.

Non es nada enrollado, colega. Hai que ver como sodes. Moita bata e moita hostia, pero non entendedes nada de nada. Ti con quen cres que estás a falar. Non penses que as cousas van quedar así. Eu ben sei onde aparcas o coche. Se pasa unha desgraza ti vas ser o responsable. A min non me achanta calquera. Xa me dá igual calquera cousa, sabes, así que pensa ben o que fas. Se é que con xente coma ti temos que acabar todos de atracadores.

Eu son un tipo legal pero cando perdo os nervios non controlo. Podes preguntar por aí.

Información

Cadernos de Atención Primaria

Material adicional en Internet

A revista Cadernos de Atención Primaria é accesible por internet (www.agamfec.com). Os autores que o desexen poden presentar material complementario na páxina web (enquisas utilizadas, anexos, aspectos metodolóxicos máis detallados, fotos,...). Este tipo de material enviarase de modo diferenciado ao resto do texto. Cando algún traballo inclúa material adicional na páxina web, éste identificarase na revista con esta imaxe.

